



Avisos

*ITV Agrícola os días 29 e 30 de xaneiro (9:00 a 13:30 e 15:15 a 18:00), no sitio de sempre xunta o Centro Médico, para anotarse chamar ao teléfono 902 30 90 00 ou ben a través da web <http://www.sycityv.com/es/>.

*Neste outono o Concello de Boimorto en colaboración coa Consellería de Medio Rural xestionou a construción de 1 depósito de carga de auga para incendios na zona de Fondouzes - Romelas en Brates.

Neste depósito tamen esta permitida a carga de auga para temas agrícolas. As cisternas deben facer a carga dende a boca destinada para este fin, non se pode cargar directamente no depósito para evitar que o mesmo sen encha de refugallos que obstrúen as mangueras dos camiós de incendios.

Centro de maiores

*O Centro social Municipal de Maires permanecerá pechado dende o día 18 de decembro ata o 5 de xaneiro do ano novo. Co motivo da feira, o 4 de xaneiro, o centro permanecerá aberto e haberá servizo de autobús. O día 8 de xaneiro volveremos ó horario de costume.

Cabalgata Reis

***Cabalgata de reis.** Sairá da Casa do Concello, percorrerá as rúas de Boimorto e rematará no Pavillón Deportivo onde haberá sorpresas para os máis cativos. Dende as 17:00 termos animación no polideportivo e a cabalgata estará acompañada por un personaxe de Disney.

Data: 05/01/2018 **Hora de saída:** 18:00 h

Servizos Sociais

***Servizo de atención ás dificultades de memoria.** Como ben sabedes no mes de novembro presentouse o servizo de atención ás dificultades de memoria para todas aquelas persoas preocupadas ou demandantes de información e atención sobre as dificultades de memoria, e para as familias e cuidadores principais das persoas nas que estas dificultades supoñen unha interferencia significativa nas súas actividades da vida diaria. Ao longo deste mes de xaneiro, todas aquelas persoas interesadas en participar neste servizo deberán achegarse ós servizos sociais do concello para iniciar a recollida de datos e a súa inmediata incorporación ó servizo.

***Actividades lúdicas no proxecto de Bebeteca:** Aínda que xa comezaron as actividades para os nenos/as e os seus pais/nais os martes e xoves no Centro Social Municipal de Maires, animamos a todas aquelas familias (con menores en idades comprendidas entre 1 e 7 anos) que aínda non participan a que se acheguen ó citado centro para incorporarse ás actividades.

Cultura

***Nacemento vivente.** Con motivo do remate da medida de conciliación "Campamento a maxia do Nadal", os /as nenos/as do concello participarán na representación dun Belén vivente. Animamos á veciñanza do concello a que se acheguen para compartir cos máis cativos desta experiencia.

Data: 04/01/2018

Lugar: Casa da Cultura.

Horario: 19:00 h

Emprego

***Convocatoria para o RECOÑECEMENTO DAS COMPETENCIAS PROFESIONAIS ADQUIRIDAS A TRAVÉS DA EXPERIENCIA LABORAL:**

- Atención sociosanitaria a persoas no domicilio (SSC089_2): 553 prazas
- Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (SSC320_2): 435 prazas.
- Servizos para o control de pragas (SEA028_2): 65 prazas.
- Xestión de servizos para o control de organismos nocivos (SEA251_3): 50 prazas.
- Socorrismo en espazos acuáticos naturais (AFD340_2): 224 prazas
- Socorrismo en instalacións acuáticas (AFD096_2): 278 prazas.
- Extinción de incendios e salvamento (SEAI29_2): 162 prazas
- Tanatopraxia (SAN491_3): 150 prazas.
- Operacións de vixilancia e extinción de incendios forestais e apoio a continxencias no medio natural e rural. (SEA 595_2): 100 prazas.
- Confección e mantemento de artes e aparellos (MAPO05_2): 50 prazas.

Prazo de presentación de solicitudes: ata o 26 de xaneiro de 2018

(Non se abre prazo de inscricións nas cualificacións profesionais de Extinción de incendios e salvamento e Operacións de vixilancia e extinción de incendios forestais e apoio a continxencias no medio natural e rural xa que accederán directamente ao procedemento as persoas candidatas que figuraban na lista definitiva de persoas en lista de espera na anterior convocatoria)

Deportes

***Campaña inverno 2018.** Este ano o Concello de Boimorto tamen participará no programa da Deputación da Coruña: "Campaña inverno 2018" grazas ao cal rapaces nados nos anos 2003 a 2007 poderán gozar da estancia e actividades na estación invernal de cabeza de Manzaneda soamente terían que aboar 85,00 €, o resto dos gastos de estancia, manutención e remontes serán con cargo a Deputación da Coruña. O Concello de Boimorto ten concedidas **3 prazas**, os interesados deben inscribirse nas oficinas municipais ou falando co técnico de deportes antes do 16/01/2018. De haber máis de 3 inscritos faríase un sorteo para determinar quen vai terán preferencia os que nunca foran a esta actividade. Nos vindeiros días a Deputación remitiranos ao Concello e publicará na súa páxina web carteis e demais documentación ao respecto desta iniciativa.